


Como chegar?

Acceso desde o interior



Acceso coche exterior



<https://www.google.es/maps/place/42%C2%B012'54.8%22N+8%C2%B041'01.6%22W/@42.215222,-8.6837778,17z/data=!3m1!1e3!4m4!3m3!8m2!3d42.215222!4d-8.6837778?hl=e>



A súa opinión impórtanos!

Satisfacción

A súa opinión impórtanos! Por favor, encha esta enquisa sobre a atención recibida no Servizo de Farmacia <https://asvigo.typeform.com/to/hsVZSbgs>

Suxestión

Para mellorar a nosa atención, non dubide en facérnolo saber depositándoa na caixa de correos de suxestións

Benvido/a ás Consultas de Farmacia



Servizo de Farmacia Hospital Meixoeiro Planta -1



Aproxima FARMAVIGO
Proxecto de Humanización Servizo Farmacia

Quen somos?





Nas consultas de Nutrición proporcionaremoslle unha atención nutricional completa: valoración e seguimento nutricional, consellos nutricionais e dispensación do soporte nutricional.

Todo o equipo estará á súa disposición para resolver as súas dúbidas e proporcionar información:

- O FARMACÉUTICO/A está na Consulta 3
- O persoal de ENFERMARÍA está na Consulta 1
- O persoal ADMINISTRATIVO está na entrada da Farmacia
- CELADORES/AS e TÉCNICOS/AS DE FARMACIA no Almacén ou punto de recollida

Que facemos?

Ofrecemos unha ATENCIÓN FARMACÉUTICA especializada na terapia nutricional:

-  Realizaremos valoracións nutricionais, en base a analíticas periódicas e test de avaliación. Validaremos e/ou prescribiremos o soporte nutricional.
-  Explicámoslle como debe tomar ou administrar o soporte nutricional, revisando a tolerancia ao mesmo nas seguintes consultas.
-  Revisaremos interaccións fármaco - nutriente, especialmente en casos de alimentación a través de sonda ou en pacientes con disfaxia, revisando todo o seu tratamento farmacolóxico.
-  Resolveremos todas as dúbidas que se lle expoñan en relación ao seu soporte nutricional e á súa medicación.

Realizaremos o seguimento maioritariamente mediante consultas presenciais, pero tamén poderemos realizar consultas telefónicas. En ocasións, tamén se programarán as citas directamente ao almacén sen pasar pola consulta. Desta maneira, reduciremos visitas ao Hospital e evitaremos aglomeracións na sala de espera.

Que teño que facer?

1



Sacar o ticket na máquina coa súa tarxeta sanitaria ou DNI

2



Esperar na sala ata que apareza o seu número

3



Solicitar a súa seguinte cita no mostrador de consultas externas

4



Cando chegue ao almacén* atenderase por orde de chegada



Lembre traer sempre a súa Folla de prescrición



Cando necesite devolver soporte nutricional, vaia directamente ao almacén coa folla de prescrición e/ou documento identificativo do paciente. Se non é posible, fale co persoal administrativo.



Ver mapa *

Os nosos horarios?



CONSULTAS

Luns a Venres
09:00 a 14:05
(Cita previa)



ALMACÉN

Luns a Venres
09:00 a 14:15
(Acceso en automóbil)



CONTACTO

986 81 09 59
Luns a Venres
09:00 a 13:00

(Cambio citas - contacto
Farmacéutico/a ou Enfermaría)



PACIENTES SEN CITA: como regra xeral non se atenderán.
Se necesita solicitar, cambiar ou anular unha cita, chame ao teléfono de citas no horario indicado.

